

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA DO 27 DE MARZO DE 2020, SOBRE AS CONSECUCENCIAS QUE SE DERIVAN DA APLICACIÓN DO RD 463/2020 E DO RDL 8/2020 NOS CONTRATOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO ACTUALMENTE EN FASE DE EXECUCIÓN

A propagación do COVID-19 motivou a promulgación polo Goberno do RD 463/2020 que decreta o estado de alarma en España e das pautas para regular a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo mesmo. As medidas previstas nesa norma *“encádranse na acción decidida do Goberno para protexer a saúde e seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública. As medidas temporais de carácter extraordinario que xa se adoptaron por todos os niveis de goberno deben agora intensificarse sen demora para previr e conter o virus e mitigar o impacto sanitario, social e económico.”*

Á vista do impacto que esta situación ocasionou en diversos ámbitos, o Goberno aprobou o RDL 8/2020 que no seu artigo 34 adopta unha serie *“Medidas en materia de contratación pública para paliar las consecuencias del COVID-19”* coas que se pretende facer fronte ao impacto económico e social da situación que vivimos.

Así as cousas, a presente Instrución busca clarificar, á vista da normativa e das circunstancias vixentes no momento da súa elaboración, como lles afecta aos contratos actualmente en execución na Universidade de Vigo.

1.- Contratos cuxa execución, polo menos a día 24 de marzo de 2020, se entende que non debería suspenderse, ben por ser de execución sucesiva; ben por prestarse baixo demanda da Universidade que pode adiarse, etc.:

<i>Contratos incluídos nesta categoría</i>	<i>Indicacións</i>
<ul style="list-style-type: none"> - 300/16. Unidade técnica - 310/16. Apoio psicopedagóxico Ourense - 305/17. Apoio psicopedagóxico Vigo - 302/19. Campus Camp - 301/19. Mantemento zonas verdes - P1/19. Póliza de seguros perdas e danos - P4/18. Póliza de responsabilidade civil - P3/18. Póliza de seguro de accidentes alumnos - P6/18. Póliza de seguro de vida persoal funcionario e laboral - 23/19. Licencias Adobe - 24/19. Licencias Microsoft 	<ul style="list-style-type: none"> a. Estes contratos continúanse prestando polas empresas adxudicatarias que, de ser o caso, deberán adoptar as medidas oportunas de seguridade para os traballadores adscritos á súa execución (ex: contratos de limpeza). b. <i>Co fin de garantir o mantemento dos postos de traballo adscritos a estes contratos, e co obxectivo de non afectar, con carácter xeral, a actividade económica e a</i>

<ul style="list-style-type: none"> - 319/19. Millenium - 318/17. Residuos perigosos - 300/18. Impresión de títulos - 8/18. Acordo Marco reactivos - 18/17. Acordo marco material funxible oficinas - 302/17. Telefonía fixa - 312/17. Telefonía móbil - 21/20. Subministro de nitróxeno líquido - P6/18. Póliza de seguro de vida do persoal funcionario e laboral - 307/19. Mantemento da rede de comunicacións corporativa¹ - Todos os de limpeza e Vixilancia - 323/16. Mantemento rede de telefonía - 307/19. Mantemento rede de comunicacións - 306/18. Mantemento campus multimedia - 316/19. Mantemento seguridade voz e datos - 325/17. Informe auditoría - 400/17. Edificio de I+D casco vello (Ollo fin execución: 25/3/20)² - 303/17. AM mantemento ascensores (contratos baseados) - 306/18.- Mantemento do Campus multimedia - META4, <p>Calesquera outro vixente que cumpra as características deste apartado.</p>	<p><i>estabilidade dos postos de traballo, para facilitar ás empresas a execución destes contratos, a Universidade de Vigo flexibilizará o control das obrigas esixibles, por exemplo, favorecendo a prestación telemática dos servizos; ou imputando un número razoable de horas á bolsa de horas establecida no PPT, etc.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> c. Autorízase aos responsables dos contratos onde non hai mecanismos de control de horas (ex: contrato de Unidade Técnica) a que, de ser posible, reorganicen a forma de execución das prestacións contractuais, garantindo, en todo caso, o control da súa execución. d. Presentadas as correspondentes facturas polas empresas os responsables dos contratos avaliarán se as prestacións efectivamente realizadas son compatibles cos termos do PPT e satisfixeron a necesidade última que deu lugar á celebración do contrato. e. Para que a estas empresas se lles aboe o 100% do prezo estipulado pola execución do contrato terán que presentar unha declaración responsable na que se reflicta que ningún traballador dos adscritos á
--	--

¹ Aínda que segundo o RDL non lle resultaría aplicable o mesmo, enténdese que se refire ao relativo aos efectos da suspensión automática, pero consideraríase que non se privaría da posibilidade de aplicar o último parágrafo do art. 29.4, na medida en que precisamente o RDL o que procura é evitar a resolución de contratos e favorecer a súa continuidade.

² Relevante o conveniado co Consorcio (fin: 27/5/2020). Por outro lado, ten vinculados os expedientes 314/16 Dirección obra, 309/17 Dirección execución e coord. seguridade e saúde.

	<p>estes contratos foi afectado por un ERTE</p> <p>f. Se algunha empresa solicita a suspensión do contrato ou manifesta dificultades para levar a cabo a súa execución, analizarase a súa solicitude polo Órgano de Contratación nos termos establecidos no artigo 34 do RDL 8/2020.</p>
--	--

2. Contratos respecto do que se entende que existiría unha imposibilidade para a súa prestación e cuxa suspensión debería solicitarse polas empresas adxudicatarias.
 Neste apartado deben distinguirse dous grupos de contratos:

2.1 Contratos de prestación sucesiva

Contratos incluídos nesta categoría	Indicacións
<p>-304/18. Modelos en vivo -314/18. Sala cardio fitness</p> <p>Calesquera outro vixente que cumpra as características deste apartado.</p>	<p>a. Polas prestacións realizadas ata o 13 de marzo de 2020 (inclusive): As empresas deben presentar a factura correspondente polos servizos prestados ata ese momento (13 de marzo). Procederase, como sempre, pedindo conformidade do Responsable do Contrato (RC) sobre a axeitada prestación dos servizos, para proceder ao seu abono.</p> <p>b. A partires do 14 de marzo: -Non se realizaron prestacións. Enténdese que estes contratos encaixan no artigo 34.1 do RDL 8/2020. Por isto, a empresa pode presentar ante o Órgano de Contratación unha solicitude indicando que lle é imposible executar o contrato pola situación provocada polo COVID-19. Na súa solicitude a empresa debe reflectir -pois así o indica o RDL-:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) As razóns polas que a execución do contrato é imposible; b) De ser o caso: o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalación e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento c) Os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

	<p>-Recibida a solicitude, será resolta polo Órgano de Contratación da Uvigo. De apreciarse a imposibilidade de executar o contrato, a suspensión abranguerá dende a data en que se <u>produciu a causa</u> que impide a execución, ata o momento no que sexa posible reiniciala, o que será oportunamente comunicado polo Órgano de Contratación.</p> <p>-Se o Órgano de Contratación estima a solicitude, a empresa ten dereito a que se lle abonen os danos e perdas que <u>efectivamente</u> sufrira durante o período de suspensión. Terá que acreditar <u>de xeito fidedigno</u> a realidade, efectividade e contía dos danos e perdas. Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado son unicamente os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none">1.º Os custos salariais que <u>efectivamente tivera aboado ao persoal que figurara adscrito con data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión</u>2.º Os custos por mantemento da garantía definitiva, relativos ao período de suspensión do contrato3.º Os custos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalación e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.4.º Os custos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vencelladas ao obxecto do contrato que foran subscritas polo contratista e estivesen vixentes no momento da suspensión do contrato. <p>-IMPORTANTE: Se a empresa fai ERTEs, non poderá xustificar o aboamento de soldos dos empregados incluídos no mesmo. A empresa ten a obriga de presentar a solicitude indicada (pode presentala en calquera momento). De non facelo, non terá dereito á indemnización de danos e perdas; e, ao non constatar a realización do servizo, non se poderá aboar a factura.</p>
--	--

2.2. Contratos de concesión ou contratos administrativos especiais

Contratos incluídos nesta categoría	Indicacións
<p>-1AE/16. Máquinas de vending -220/19 (2 lotes) Cafetería e comedor. -Cafetería e comedor (cualificados inicialmente como administrativos especiais) -303/18. Xestión da escola infantil -Residencias Universitarias</p> <p>Calesquera outro vixente que cumpra as características deste apartado.</p>	<p>Estes contratos darán dereito ao restablecemento do equilibrio económico do contrato</p> <p>A través de medidas como:</p> <ul style="list-style-type: none"> - ampliación da duración inicial (máximo dun 15%) - modificación das cláusulas de contido económico. <p><u>Aspectos a compensar:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - perdas de ingresos e - o incremento de custos soportados. <p><u>Requisitos do procedemento:</u></p> <p>1º.- <i>Solicitud previa</i> do contratista e acreditación de xeito fidedigno dos gastos. 2º.- Apreciación da imposibilidade de executar o contrato polo órgano de contratación.</p>

3. Contratos respecto dos que se precisan aclaracións acerca de se están executándose ou non ou se a execución precisa de algunha medida particular

Contratos incluídos nesta categoría	Indicacións
<p>-311/16. Servizo de prevención alleo -308/19. Mantemento microscopio JEOL -309/19. Mantemento microscopios FEI HELIOS y FEI QUANTA. - 304/17.- Enquisas docentes (en función do curso académico). - Infraestrutura 2018 en execución: 19/19, 7/19 (lote1), 12/19, 17/19, 26/19 preguntar a cada responsable do contrato. -402/17. Mesocosmos ECIMAT: A obra está rematada, pero durante a cimentación apareceron imprevistos que se están recollendo nun modificado. -401/19. Sistema recirculación auga ECIMAT: A obra está rematada e pendente da recepción.</p> <p>Calesquera outros que poidan cumprir as características deste apartado.</p>	<p>Respecto deste contratos, solicítase a cada responsable do contrato que indique á Xerencia se se está ou non a executar. No caso de que non se estean executando solicítase que nos indiquen o motivo e nos faciliten o contacto da empresa adxudicataria.</p>

4. Contratación menor

Poderán celebrarse contratos menores con normalidade sempre que os responsables dos pedidos verifiquen que é viable neste estado de alarma a realización da prestación obxecto do mesmo.

A execución dos contratos menores que estando xa asinados non se puidese cumprir por mor do vixente estado de alarma, intentará reprogramarse coas respectivas empresas. En caso de que a reprogramación non sexa posible, non se aboará a prestación non executada.

A xerenta,
(Asinado dixitalmente)

ADMINISTRADORES DE CENTRO E ÁMBITO
XEFES DE SERVIZO
UNIDADE DE SERVIZOS XERAIS
DIRECTOR DE BIBLIOTECA
DIRECTOR CENTROS DE INVESTIGACIÓN
OPI
DIRECTORA DA ORI
SERVIZO DE CONTRATACIÓN